

# **ACTA ASAMBLEA XERAL DE AGPI (23-11-2019)**

Centro Sociocultural As Fontiñas

Inicio da asemblea: 10:45h

Socios ao inicio da asemblea: 28

## **1. INTRODUCCIÓN:**

María Álvarez, secretaria da asociación, fai unha pequena introdución á asociación dirixida aos novos socios, falando das entidades coas que se relaciona AGPI e o número de socios cos que contamos actualmente.

## **2. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR:**

María Álvarez fai un resumo da acta da asemblea anterior, que foi compartida a través da lista de correo da asociación e que calquer socio pode consultar a través de Google Groups. Apróbase por unanimidade de 28 votos a favor.

## **3. INFORME ECONÓMICO E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DAS CONTAS DE 2018:**

Minia Regos, tesoureira, procede a ler o informe económico do exercicio anterior e presente, e sométese a aprobación, cun total de 28 votos a favor.

## **4. PREVISIÓNS DE TESOURERÍA PARA O ANO EN CURSO**

Minia le a previsión do ano en curso e inicios do seguinte e Henrique apunta algún detalle aclaratorio sobre a situación económica.

## 5. REPASO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO EXERCICIO 2018-2019

- **Día da Ilustración:** explicamos en que consiste este día, e como o estamos organizando desde AGPI (actividades e labores que se desenvolven). Tamén se fala do orzamento co que se iniciou o proxecto e co que contamos actualmente.
- **Clube de debuxo:** nova actividade da asociación dirixida por Bea Lema e que está a ter unha boa acollida por parte do público en xeral e tamén dos asociados, algo que pensamos que puido repercutir nas novas incorporacións á AGPI.
- **Encontro Galego de Ilustración:** Manel Cráneo, coordinador do encontro, explica como se organiza internamente o evento e varias socias aportan a súa visión sobre a última edición, que resulta ser positiva. Sergio Covelo fala da evolución do formato do encontro ao longo dos anos, que antes se celebraba xunto coa asemblea. Sinálase a importancia de facer charlas, cursos e masterclases sobre aspectos profesionais (xestión, ferramentas, axencias, etc.). Manel apunta a que a idea é buscar novas dinámicas, estruturas e actividades que melloren a experiencia do evento. Bea Lema plantexa que unha fórmula interesante, para non concentrar todo nunha soa data e mellorar a relación entre socios, que sería dividir o encontro en 2 ou máis datas. Iria Ribadomar apunta que se podería facer unha data coa fórmula do encontro actual e

despois outro evento como unha feira ou mercado de ilustración, incluíndo exposición, pensando máis no público xeral. María Ruíz fala de recuperar os cursos de AGPI para impartilos ao longo do ano e Sergio Covelo apunta que sería preciso un coordinador para esta labor. Outra socia pregunta por que se celebra o encontro a finais de setembro e se sempre era nesa data, e María Álvarez comenta que se debe a unha cuestión da dispoñibilidade do espazo, que está escollido non só pola infraestrutura senon porque se cede gratuitamente. Javi Montes fala sobre unha actividade que se facía antes, as tertulias de AGPI, que podería recuperarse para dinamizar a relación entre os asociados. Outra socia comenta que en Barcelona existe unha actividade na que os profesionais convidan a outros colegas a visitar os seus estudos ou lugares de traballo co fin de poñer en común xeitos de traballar e ferramentas. Uxío Broullón apunta a posibilidade de quedar en bares para poñer en común problemáticas e aspectos profesionais. Sergio Covelo, comenta que no Drink and Draw que se celebra en Vigo, que é unha actividade lúdica de debuxo, tamén xurden sinerxias ao redor de cuestións profesionais, sobre todo as que parten de estudantes ou ilustradores noveis. Unha socia apunta a que lle resulta difícil atopar datas de actividades dirixidas a socios dentro da web. Iria Ribadomar pregunta se temos algunha relación co evento Compostela Ilustrada (organizado por El Patito Editorial), e xurde un pequeno debate sobre a deriva que tivo nesta última edición.

- **MiiC2**: evento organizado por Matilde Rodríguez (O Gato Cósmico) co que colaboramos este ano por coincidir co Día da Ilustración e celebrarse no mesmo espazo (Afundación de Santiago). Falamos da idea de colaborar con este evento, ben sexa coincidindo co Encontro ou ben co Día da Ilustración.
- **Viñetas desde o Atlántico**: comentamos que tódolos anos a AGPI participa cun stand na Rúa BD do salón, que está á disposición de tódolas socias e socios para vender o seu material. Ademáis faise mención da actividade que se ofertaba gratuitamente a socios e non socios, de revisión de portafolios. María Álvarez comenta que igual se podería retomar esta actividade pero transformándoa nun pequeno curso de preparación de portafolios. Apuntamos a que esta data é única que temos actualmente relacionada co cómic pero que plantexamos á Xunta a posibilidade de levar este ano o stand ao Ficomic. Unha socia comenta que os socios interesados en participar poderían unirse para pagar un stand.
- **Encontro San Joao**: a asociación colaborou cunha exposición colectiva e unha charla.
- **Nortear**: solicitaron desde a Xunta que alguen de AGPI coordinase esta actividade pero ao non ter diponibilidade ninguén da directiva propuxemos a Matilde da MiiC, coa que quedaron moi contentos. Tamén se nos solicitou propoñer ilustradoras e ilustradores para participar do encontro. Aquí

aclarouse que xeralmente preferimos facer convocatorias abertas para que as administracións escollan directamente, pero que as veces por falta de tempo temos que ofrecer unha lista pechada de nomes.

- **Encontro de BD Histórica:** Manel, organizador do evento, explica a colaboración que lle solicitou a asociación para poder sacar adiante este encontro, sen a cal non se tería celebrado.
- **Accións legais:** coméntanse os casos de Sanbrandán e RuarteFest. Neste último intervén Iria Fafián, unha muralista a que se consultou durante o proceso do RuarteFest, e explica todos os problemas que houbo con esta convocatoria e a necesidade de defender e poñer en valor o mundo do muralismo.
- **Feiras:** Falase das feiras as que se asistiu ata agora e da intención de buscar novos espazos que atendan tamén os intereses dos autores de cómic (Ficomic e Angouleme). Apúntase a certas problemáticas, como a limitación do peso do material e falamos de que AGPI podería xestionar o material dos socios se finalmente se asiste ao Ficomic. Javi Montes comenta a posibilidade de traer editores ao encontro ou a outro evento, en lugar de asistir as feiras, e Sergio Covelo comenta que a idea de traer editores barallouse dentro do marco do Salón de Pontevedra, porque teñen intención de desenvolver unha parte máis profesional. Coméntanse as novas bolsas que

lanzou a Xunta para asistir a feiras e eventos relacionados coa promoción do libro.

Paralelamente a este tema, Iria Ribadomar comenta unha experiencia que levaban a cabo nun colectivo do que formaba parte. Eles apuntaban nunha libreta as súas habilidades ou coñecementos, que podería aproveitarse para o colectivo, e tamén os seus intereses. Plantéxase a posibilidade de facer unha enquisa para, entre outras cousas, preguntar aos socios se estarían interesados en colaborar coa asociación, que poderían ofrecer e que cousas lles gustaría obter da asociación. Fálase entón da falta de participación dos socios en iniciativas deste tipo (enquisas despois do Encontro ou o formulario para actualizar os datos). Unha socia comenta que ela apuntouse a AGPI co fin de informarse e aprender custións máis técnicas da profesión.

- **Bases Premio Castelao BD:** Bea fala da súa iniciativa, que xa se intentou levar a cabo anteriormente pola asociación, para que mudasen as bases do premio, principalmente que fosen a proxecto e non a obra acabada. Estamos aínda pendentes da súa resposta.
- **Premios Nacionais:** fálase de que AGPI participa propoñendo ilustradores para o xurado do Premio Nacional de Ilustración e para o Premio Nacional de Cómic, este último a través de FADIP.

- **Descontos:** apúntase que os socios de AGPI teñen descontos en todos os obradoiros que imparte APIC de forma telemática e tamén se nos ofrecen entradas gratuítas ao salón do Ficomic. María Ruíz, vogal da directiva, está a traballar para conseguir novos descontos, non so en pequenos establecementos, senon para grandes marcas. Apple ofreceu un desconto do 5% cunha conta a nome da asociación, a partir dos 5000 euros de gasto. Outras empresas coas que está a negociar son Wacom, e próximamente Domestika, así como tendas de material para ilustración. Falamos de como xestionar estos descontos para web, e quedamos en que o máis sinxelo sería un código, pero que no caso de non poder facerse desa maneira que se estudiaría cada caso particular. Concluímos que o que nos interesa son descontos específicos para os nosos socios e que tamén se poden estudar colaboracións en eventos para que as empresas aporten algo.

## 6. PROPOSTA DE ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS PARA 2019-2020

- **Mellora da Web:** nomeáanse diferentes problemas coa web, en especial a dificultade para subir imaxes e tamén que a visibilidade dos perfís non é moi boa, hai que pinchar moitas veces para chegar aos traballos. Uxío comenta que a web ao estar montada con moitos plugins esto fai que haxa máis probabilidades de que se xeneren incompatibilidades e que estos plugins queden obsoletos. Coméntase que o prezo da web foi moi axustado (non se dipoñía de máis recursos) e que

unha web a medida, que sería o ideal, custaría o dobre ou máis. Quedamos en facer unha avaliación da web por parte dos socios, e Uxío e Annel Vare ofrecéronse a facer un pequeno estudo dos problemas e as cousas que se poden mellorar. En función desta avaliación pediranse orzamentos e mirárase de actualizar a web total ou parcialmente.

- **Proxecto por unhas bases xustas:** falase de levar a cabo unha campaña dirixida as institucións principalmente para que melloren as bases das súas convocatorias. Unha labor didáctica que tería que estar apoiada cunha campaña en redes dirixida ao público xeral e aos profesionais para que non incurrisen en malas praxes ou apoiasen convocatorias perxudiciais para o gremio.

## **7. RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA: PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**

Preséntase a candidatura de Bea Lema e o seu equipo, que resulta ser a única. Apúntanse as baixas que vai a haber na directiva, quen vai permanecer, e ofrécense dous socios novos para entrar na directiva: Leandro Barea para encargarse das redes sociais, en substitución de Flavia Lago, e Candela López Piñeiro como vogal. María Álvarez comenta que sería preciso ter 2 representantes en FADIP (na candidatura do equipo de Bea Lema so está Iria Prol como representante), xa que se expuso así na lista de correo da federación.



## 8. VOTACIÓN E ELECCIÓN DA NOVA XUNTA

Decídese votar conxuntamente a candidatura e a saída e entrada de novos socios na directiva.

**Presidencia:** Bea Lema

**Vicepresidencia:** Julia Lago

**Secretaría:** María Álvarez

**Tesourería:** Minia Regos

**Representación de FADIP:** Iria Prol

### **Vogais:**

María Ruíz (**descontos**)

Leandro Barea (**RRSS**)

Manel Cráneo

Candela López Piñeiro

Alberto Vázquez

Pepa Prieto

Martín Romero

Iria Fafián

Carlos Arrojo

Brais Rodríguez

Uxía Pin

Apróbase a nova directiva con 30 votos a favor (2 persoas chegaron despois das primeiras votacións).

Sergio Covelo, ex-presidente, e Bea Lema, nova presidenta, adican unhas palabras aos asistentes.

## **9. ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai rogos nin preguntas

Finaliza a asemblea a 13:50h.

Socios ao final da asemblea: 30

PRESIDENTE SAÍNTE

PRESIDENTA ENTRANTE

SECRETARIA